

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NOS XEODESTINOS TERRAS DE SANTIAGO E DEZA-TABEIRÓS

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2016

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentran na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Doutra,----- alcalde do concello de Santiago de Compostela e presidente de INCOLSA ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confire no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime Local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de

Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Terceiro.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida nas actuacións públicas.

Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Quinto.- Como consecuencia da aplicación da devandita normativa o 8 de setembro de 2014 foi asinado un convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago. Os concellos asinantes foron A Estrada,

Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces.

Na cláusula cuarta do convenio establécese que “a xestión das actividades obxecto do presente convenio *será realizada polo Concello de Santiago de Compostela, a través da sociedade pública municipal “Información e Comunicación local S.A.” (INCOLSA) medio propio da devandita Administración e incluíra todo o relacionado coa xestión, aspectos materiais, técnicos ou de servizos da promoción turística conxunta (...).*

Sexto.- A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade régulanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

Os concellos asinantes do convenio de referencia forman parte de dous xeodestinos, Terras de Santiago e Deza Tabeirós. Trátase de dous xeodestinos limítrofes que teñen como referencia a cidade de Santiago de Compostela e onde a actividade turística conta cun enorme potencial un grande peso na súa economía que veñen traballando xuntos e con éxito dende o ano 2014. Por este motivo, considérase apropiado apoiar as súas actividades dende a Axencia de Turismo de Galicia, e dar así continuidade á labor de promoción turística realizada ata agora.

En consideración ao anteriormente exposto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Santiago, para a subvención das seguintes actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo xeodestinos Terras de Santiago e Deza-Tabeirós:

1.- LIÑA 1: CONSOLIDACIÓN DE PRODUCTOS TURÍSTICOS

1.1. TURISMO FLUVIAL

- **Sensibilización en Turismo Fluvial co sector:** esta acción consiste na realización de actividades de pesca que redunden na consolidación do turismo fluvial como produto turístico e na implicación e sensibilización do sector turístico implicado no desenvolvemento deste produto, nomeadamente as casas de turismo rural xa adheridas ao proxecto de Turismo Fluvial no noso destino.
- **Estudo sendeirismo fluvial:** realización dun estudo previo de posibles trazados e viabilidade de tramos de sendeirismo fluvial, nos principais ríos do noso destino, incidindo sobre todo nos tramos do Ulla dos concellos da provincia da Coruña que forman parte do programa Goza do Ulla.

1.2 PAQUETES E EXCURSIÓNS

- **Catálogo de provedores de visitas e actividades:** realización dun Catálogo de provedores de visitas e actividades no territorio, dando continuidade o traballo realizado durante o pasado ano de recompilación de información e sensibilización de provedores.
- **Organización e promoción de excursións “Moi Cerca de Santiago”:** organización e promoción de visitas e excursións de medio día con saída garantida dende Santiago de Compostela en tempada baixa, co obxecto de dar a coñecer o territorio a turistas e visitantes de Santiago, e incrementar tamén as súas noites e gasto medio no destino.

2.- LIÑA 2: CREACIÓN DE NOVOS PRODUCTOS TURÍSTICOS

2.1 CAMIÑO DE SANTIAGO

- **Definición de novo produto: Turismo Educativo Alén do Camiño:** creación dun novo produto turístico relacionado co Camiño, pero tamén coa promoción de visitas escolares e familiares, vinculando o Camiño de Santiago con visitas a provedores turísticos de visitas guiadas didácticas, de interese para os centros escolares pero tamén para as familias. O obxectivo principal deste proxecto, é incrementar o coñecemento do Camiño de Santiago, tanto nos centros educativos como no propio Camiño, sendo os seus destinatarios o profesorado e aos alumnos de centros educativos de Educación Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato, de Galicia e de toda España.

2.2 TURISMO CULTURAL

- **Folclore, gastronomía e artesanía:** nos últimos anos tense detectado que no territorio Terras de Santiago- Deza-Tabeirós existe unha ampla oferta de recursos turísticos relacionados co folclore tradicional, e en especial unha gran cantidade de agrupacións de baile e música tradicional, así como eventos (foliadas, etc) relacionados. Así, neste 2016 decídese apostar pola difusión e promoción deste potencial produto turístico atractor de numerosos visitantes ao territorio, mediante a realización dunha acción que aúne folk, (gastronomía e artesanía), durante finais de xuño, coincidindo co San Xoán, como gran escaparate da riqueza cultural dos xeodestinos Terras de Santiago- Deza-Tabeirós.

- **Axenda cultural “Moi cerca de Santiago”:** esta partida estaría destinada a edición sección específica, integrada dentro da Axenda cultural mensual de Santiago de Compostela, na que se insira a programación cultural de interese turístico dos concellos que forma parte de Terras de Santiago e Deza-Tabeirós así como visitas recomendadas a recursos turísticos do destino. Editaranse entre 10.000 e 15.000 exemplares mensuais desta axenda que serán distribuídos nos establecementos turísticos da capital (hoteis, museos, oficinas de información turística, etc.) á disposición de visitantes e turistas.

2.3 TURISMO GASTRONÓMICO

- **Turismo gastronómico: Participación Santiago(é)Tapas:** organización da participación por parte dos gañadores dos concursos de tapas e outros eventos gastronómicos dos concellos que forman parte do grupo, no Santiago(é)tapas a través da presenza destes restauradores cociñando por un día nun dos establecementos participantes no Santiago(é)Tapas, coa correspondente promoción e publicidade.

3.- LIÑA 3: PROMOCIÓN DOS PRODUTOS TURÍSTICOS E DO DESTINO

- **Web:** accións de mellora da web www.areasantiago.es, que inclúe os contidos de interese turístico do noso destino.
- **Asistencia a feiras, insercións, banners:** esta partida estará orientada á promoción do grupo en diversas canles como poden ser a participación en feiras de interese e insercións de publicidade en medios dixitais.
- **Material promocional:** edición e impresión do material promocional preciso para a asistencia a diversos eventos: Fitur, Turexpo, etc.

4.- LIÑA 4: ESTATÍSTICAS E XESTIÓN

- **Recompilación e síntese de estatísticas de turismo:** esta partida estará destinada a recompilación e síntese dos datos turísticos dos territorios de Terras de Santiago e Deza-Tabeirós en colaboración co CETUR (Centro de Estudos e Investigacións Turísticas). Os datos recollidos reflectirán a análise da demanda, perfil do turista no territorio en canto visitas, procedencia, noites, perfil sociodemográfico, etc. Esta información será editada a través dun folleto. Contarase ademais coa Área de Estudos e Investigación da Axencia de Turismo de Galicia.
- **Xestión do convenio:** dentro desta acción recóllese a partida para a xestión e coordinación do Convenio coa Axencia de Turismo e todas as actividades relacionadas.

Segunda.- Beneficiarios

O beneficiario directo da subvención será o concello de Santiago de Compostela que actúa en representación dos concellos A Estrada, Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces.

Estes concellos asinaron o 8 de setembro de 2014 un convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago.

Segundo o establecido na cláusula cuarta do devandito convenio “a xestión das actividades obxecto do presente convenio *será realizada polo Concello de Santiago de Compostela, a través da sociedade pública municipal “Información e Comunicación local S.A.” (INCOLSA) medio propio da devandita Administración e incluíra todo o relacionado coa xestión, aspectos materiais, técnicos ou de servizos da promoción turística conxunta (...).*”

A sociedade INCOLSA, executora do presente convenio, é medio propio do Concello de Santiago de Compostela segundo se establece nos seus estatutos.

Aínda que os concellos asinantes destas resolucións non son a totalidade dos que configuran os xeodestinos, as actuacións beneficiarán á totalidade do territorio representado.

Terceira.- Financiamento.

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a setenta mil novecentos noventa e cinco euros (70.995,00 €) dos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia ,achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016 sesenta mil euros (60.000,00 €) con cargo á aplicación 04A2.761A.760.3, no que existe crédito adecuado e suficiente, e que se aplicarán para o pago dos gastos que se relacionan nos anexos I e II do convenio.

Con cargo ás achegas aprobadas para 2016 e recollidas no convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago, o Concello de Santiago achegará con cargo aos orzamentos da sociedade municipal Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) nos que se recollen como ingreso as devanditas achegas, a cantidade de dez mil novecentos noventa e cinco (10.995,00 €) que se destinarán ao pagamento dos gastos recollidos na liña 4.

Nos anexos I e II deste convenio, recóllese o desglose dos gastos por liña orzamentaria. No anexo I pódese atopar o desglose correspondente ao xeodestino Terras de Santiago e no II o de Deza-Tabeirós. Cada xeodestino realiza ás súas achegas en función do número de concellos representados.

Cuarta.- Compromisos da Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia achegará para o desenvolvemento destas actividades a cantidade total de sesenta mil euros (60.000,00 €), que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 04A2.761A.760.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

De acordo co artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a Axencia Turismo de Galicia realizará a súa achega mediante anticipo do 100% da mesma, unha vez asinado o presente convenio.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia o Concello de Santiago queda exonerado da constitución de garantía.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades posto que se trata dunha zona que dende o punto de vista turístico é un referente en Galicia e fóra dela, cunha alta proxección turística baseada no patrimonio natural. Estas accións enmárcanse nunha estratexia de perseverar nos territorios que xa tiveron plans de dinamización ou excelencia turística tratando de continuar coa colaboración interadministrativa e facer destinos turísticos singulares e diferenciadores que especialicen a súa oferta turística para enriquecer o conxunto de Galicia.

Quinta.- Compromisos do Concello de Santiago

- Diseñar, coordinar e executar a través da Sociedade pública municipal Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.

Así mesmo, actuando na súa xestión a través da sociedade municipal Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) comprométese a :

- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual, ..) que xeren as actividades deste convenio e inserir a marca turística de Galicia segundo o establecido no manual corporativo da Xunta de Galicia.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera



Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

- En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.
- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención por un período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.
- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.
- Dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia e nos rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regula os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006,

Sexta.- Xustificación dos investimentos

1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, para o que o Concello, actuando na súa xestión a través da sociedade municipal Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) como medio propio, deberá presentar:

- Informe ou memoria global sobre as actividades realizadas.
- Certificación detallada dos gastos expedida pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para que foi concedida, na que se consignarán os importes executados e a relación de facturas correspondentes así coma o cumprimento do compromiso de recoñecemento de obriga ou pagamento no seu caso.
- Certificación emitida pola Secretaría da entidade local acreditativa do cumprimento da normativa de contratación do sector público, acompañada de copia simple do expediente de contratación realizado para levar a cabo as actuacións, sen prexuízo das comprobacións que se poidan facer sobre os orixinais; no seu caso achegaranse os tres orzamentos que en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.
- Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estas declaracións presentaranse con anterioridade á sinatura do presente convenio.
- Facturas, orixinais ou copias compulsadas, correspondentes á execución das actividades obxecto do convenio. (As facturas serán emitidas a INCOLSA)
- Transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados, orixinal ou copia compulsada, correspondentes á execución do obxecto do convenio. (Os pagos serán librados por INCOLSA).



- No caso de ser financiadas as actividades, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co disposto no artigo 28.6 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses dereivados destes.
2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.
 3. O prazo para a xustificación por parte do Concello de Santiago a través da sociedade municipal Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) da aplicación dos fondos percibidos remata o 15 de decembro de 2016. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Xunta de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

4. Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Sétima.- Garantía de pagamento

Estableceranse as seguintes obrigas:

1. O prazo máximo para a realización do pago comprometido, queda fixado no día 31 de decembro de 2016 .
2. O prazo para a reclamación por parte do Concello en caso de incumprimento do pago comprometido pola Axencia de Turismo de Galicia, queda fixado nun período máximo de 10 días dende a finalización dos prazos establecidos no punto anterior.

Oitava- Comisión de seguimento

Noméase unha comisión de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das dúas partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Composición: Dous representantes da Axencia Turismo de Galicia e dous representantes de INCOLSA

Presidencia: A Directora de Turismo de Galicia ou persoa en quen delegue

Secretario: O presidente de INCOLSA ou persoa en quen delegue.

O funcionamento da Comisión axustarase ao disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os acordos da Comisión adoptaranse por unanimidade e serán executivos e vinculantes para as administracións integradas no convenio.

Corresponderán á comisión de seguimento as seguintes funcións:

- Elaborar e aprobar as accións que se detallan no anexo ao presente convenio.
- A interpretación do presente convenio, resolvendo todas as dúbidas que poida xerar a súa execución.
- O seguimento da execución do convenio, sendo informada polas administracións asinantes das accións realizadas.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Novena- Vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2016. Non obstante a cláusula anterior, o presente convenio ampara as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2016. A sociedade municipal Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA), como entidade executora e xestora das actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e trala finalización da vixencia temporal do mesmo, das finalidades propias do Convenio.

Décima.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa, e queda fóra do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do artigo 4º.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, e en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.

Décimo primeira.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano e rubrícano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ó comezo.

POLA XUNTA DE GALICIA

A DIRECTORA DE TURISMO DE GALICIA

POLO CONCELLO DE SANTIAGO

O ALCALDE

Mª Nava Castro Domínguez

ANEXO I

TERRAS DE SANTIAGO

LIÑA 1. CONSOLIDACIÓN DE PRODUCTOS TURÍSTICOS	ORZAMENTO
1.1. TURISMO FLUVIAL	
Sensibilización en el Turismo Fluvial co sector	880,00 €
Estudo sendeirismo fluvial	6.666,67 €
1.2 PAQUETES E EXCURSIÓNS	
Catálogo de provedores de visitas e actividades	4.656,67 €
Organización e promoción de excursións "Moi cerca de Santiago"	4.000,00 €
LIÑA 2: CREACIÓN DE NOVOS PRODUCTOS TURÍSTICOS	
2.1 CAMIÑO DE SANTIAGO	
Definición de novo produto: Turismo Escolar Alén do Camiño	5.333,33 €
2.2 TURISMO CULTURAL	
Festival Folk, promoción da gastronomía e da artesanía	6.666,67 €
Axenda cultural Área de Santiago	2.333,33 €
2.3 TURISMO GASTRONÓMICO	
Participación en Santiago (é)Tapas	2.666,67 €
LIÑA 3. PROMOCIÓN DOS PRODUCTOS TURÍSTICOS EN DESTINO	
Márketing online, actualización de contidos e mantemento	2.000,00 €
Asistencia a feiras, insterccións e banners	3.000,00 €
Material promocional	1.796,66 €
TOTAL ACHEGA AXENCIA TURISMO DE GALICIA	40.000,00 €
Liña 4. ESTATÍSTICAS E XESTIÓN	
Recompilación e síntese de estatísticas de turismo	3.333,33 €
Xestión do convenio	3.996,67 €
TOTAL ACHEGA TERRAS DE SANTIAGO	7.330,00 €

ANEXO II

DEZA-TABEIRÓS

LIÑA 1. CONSOLIDACIÓN DE PRODUCTOS TURÍSTICOS	ORZAMENTO
1.1. TURISMO FLUVIAL	
Sensibilización en el Turismo Fluvial co sector	440,00 €
Estudo sendeirismo fluvial	3.333,33 €
1.2 PAQUETES E EXCURSIÓNS	
Catálogo de provedores de visitas e actividades	2.328,33 €
Organización e promoción de excursións "Moi cerca de Santiago"	2.000,00 €
LIÑA 2: CREACIÓN DE NOVOS PRODUCTOS TURÍSTICOS	
2.1 CAMIÑO DE SANTIAGO	
Definición de novo produto: Turismo Escolar Alén do Camiño	2.666,67 €
2.2 TURISMO CULTURAL	
Festival Folk, promoción da gastronomía e da artesanía	3.333,33 €
Axenda cultural Área de Santiago	1.166,67 €
2.3 TURISMO GASTRONÓMICO	
Participación en Santiago (é)Tapas	1.333,33 €
LIÑA 3. PROMOCIÓN DOS PRODUCTOS TURÍSTICOS EN DESTINO	
Márketing online, actualización de contidos e mantemento	1.000,00 €
Asistencia a feiras, insterccións e banners	1.500,00 €
Material promocional	898,34 €
TOTAL ACHEGA AXENCIA TURISMO DE GALICIA	20.000,00 €
Liña 4. ESTATÍSTICAS E XESTIÓN	
Recompilación e síntese de estatísticas de turismo	1.666,67 €
Xestión do convenio	1.998,33 €
TOTAL ACHEGA DEZA TABEIRÓS	3.665,00 €

TOTAL ACHEGA TURISMO DE GALICIA (ANEXOS I E II)	60.000,00 €
TOTAL ACHEGA TERRAS DE SANTIAGO	7.330,00 €
TOTAL ACHEGA DEZA TABEIRÓS	3.665,00 €
TOTAL CONVENIO	70.995,00 €